



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M.). Nº12. 1 de xaneiro -1 de febreiro de 2006. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

As tendas participantes sortean premios cun valor máximo de 1000 euros

Asetem colabora na organización dunha campaña de Nadal para 24 comercios

Este ano, a tradicional campaña de Nadal dos comercios careceu de financiamento municipal e da colaboración da Fundación Comarcal Terra de Melide. Finalmente, a petición dos interesados, a asociación de empresarios decidiu colaborar na organización do evento. Os clientes dos comercios recibirán unhas rifas, que lles darán a posibilidade de participar nun sorteo

no cal se repartirán vales por valor de 1000, 500, 250 e 100 euros, para ser empregados nos establecementos da campaña. Esta promoción dura desde o 12 de decembro ata o 10 de xaneiro. Ese mesmo día celebrarase o sorteo ante notario. No interior atoparán unha lista dos establecementos participantes, que inclúe comercios asociados e non asociados a Asetem.

P. 13

Presentación do estudo da Antena Cameral

O día 22, o economista Melchor Fernández presentou un estudo realizado pola Cámara de Comercio sobre a situación socioeconómica das comarcas de Arzúa e Melide. Resalta a escaseza de infraestruturas e a escasa incorporación da muller ao mercado de traballo

P. 5

O clube ciclista devolve unha subvención de 100 euros

Cerne entrevista ao presidente do Clube Ciclista de Melide. Manuel Gómez decidiu devolver a subvención municipal “para axudar a reducir o endebedamento do concello”. Denuncia que en dez anos é a primeira vez que reciben algo.

P. 15

O museo presenta as súas novas instalacións

O pasado 30 de novembro reabría as súas portas ao público o Museo da Terra de Melide. Esta institución conta agora cun convenio de colaboración coa Deputación da Coruña que lle permitirá financiar novas melloras

P. 8 e 9



Esperpento funerario en Toques

“Parece un túmulo castrexo”, comenta José Manuel Ferro, portavoz dos independentes por Toques.

Baixo estas pedras, no cemiterio parroquial de Villamor, foi enterrado un ancián orixinario desta

parroquia, que morreu nunha residencia en Oleiros. O concello de Toques negouse a ceder e

mesmo a vender unha praza no cemiterio municipal, argumentando que o finado tiña familia

P. 11

Editorial

Un ano de Cerne

Se o anterior número completaba un ano de publicación do Cerne, coa correspondente pausa vacacional, este cumpre o número 12, e fai entrar definitivamente esta publicación na súa "maioría de idade". E un ano non é pouco para unha publicación xornalística. Desde o primeiro número, dirixido por Leticia Trillo ata este, podemos ver que a liña deste xornal mensual non cambiou. Sempre foi a intención do Cerne ser algo máis que o voceiro dunha asociación empresarial. E hoxe podemos presumir de ternos convertido no periódico da comarca.

Durante estes doce meses estivemos ao pé de toda a polémica que rodea o trazado da autovía Lugo-Santiago, seguimos a axitada vida política municipal, falamos da necesitada depuradora do río Furelos, entrevistamos aos propietarios de locais nocturnos afectados polo cambio dos horarios de peche, comentamos o proxecto do Plan Xeral de Toques, a folga de Celta Prix, a posible construción do encoro de Seixo-Belmil no concello de Santiso e os

problemas do catamarán de Portodemouros, entre outros.

A maiores, temos desde o primeiro número unha nómina de colaboradores sen os que perderíamos moitas das nosas virtudes. Así, contamos con artigos de representantes políticos e sindicais de Melide; pero vou facer unha especial mención a Mingos Fuciños, un auténtico depósito vivo de coñecemento sobre a historia, costumes e cultura de toda a comarca.

Tamén intentamos coidar a información cultural e deportiva, aínda que non sempre lle poidamos dar o espazo que merece. Así, temos publicado reportaxes sobre o patrimonio histórico e informamos das actividades da Orquestra Sinfónica, das distintas asociacións culturais e das competicións deportivas que se celebran en Melide.

Tamén, por suposto, informamos de todas actividades relacionadas coa Asociación de Empresarios Terra de Melide, e das noticias que lles incumben especialmente. Así, falamos dos problemas que padece o

polígono industrial da Madanela ou da conversión de Asetem en Centro Comercial Aberto. Temos o compromiso cos socios desta asociación de publicar cada mes unha entrevista e unha reportaxe sobre dúas empresas. Ademais, os asociados reciben o xornal nas súas empresas.

Precisamente, ante a demanda dalgúns dos nosos lectores decidimos xeralizar esta posibilidade e a partir de agora, calquera particular poderá subscribirse ao xornal.

En definitiva, queremos agradecer todo o apoio recibido: dos lectores que nos teñen felicitado pola nosa independencia, do "Dálle á Lingua", publicación mensual (ou case) do equipo de normalización lingüística do Instituto de Melide, que felicitou a Asetem coas súas "Flores" por publicar este medio en idioma galego e por suposto o apoio silencioso da xente que nos segue.

Desde Cerne, voceiro da Terra de Melide, esperamos seguir estando na rúa cada mes. Feliz 2006 e grazas de novo pola súa confianza.

Tribuna de opinión

Bos desexos

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Quería aproveitar este espazo para desexarlles un feliz ano novo a todos os socios de Asetem-Centro Comercial Aberto e tamén a todos os que len o Cerne para informarse do que non poden ler noutros medios.

Para o ano que ven, tomaremos varias medidas para impulsar a asociación e o Centro Comercial Aberto, algunhas delas especialmente orixinais, das que iremos informando nos próximos meses.

Esperemos pois, que estes bos desexos sexan algo máis que palabras

A
directiva de
Asetem
deséxalles un
feliz 2006 aos
lectores do Cerne

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Denís Fernández Méndez

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Domingos Fuciños, David Barrio,

Carlos Pereiro Veiga, PSOE e BNG de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

The Academy

- Inglés todas las edades (desde 3 años)
- Inglés de apoyo a la E.O.I./Cambridge
- Conversación
- Tutorías Mates, Gallego, Lengua, Latín
- Técnicas de Estudio



¡MATRÍCULA GRATIS!

Avda. Toques e Friol, 43

Tlf. 981 50 74 61

Un novo Estatuto de Nación

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

O BNG de Melide cre necesario explicar a importancia que supón un novo Estatuto de Nación. En primeiro lugar, cómpre lembrar que o actual Estatuto de Autonomía foi aprobado no 1981 e que os problemas e os retos da Galiza de hoxe non son os mesmos que hai 25 anos. Tense falado moito deste tema, pero consideramos conveniente poñer exemplos prácticos que fagan entender á sociedade as ventaxas de contar cun Novo Estatuto de Nación: **Máis poder político**, que non é outra cousa que ter

maior capacidade para ofrecer mellores servizos e xestionar os nosos recursos.

Competencias directas sobre o noso litoral para garantir así a seguranza nas nosas costas.

Política enerxética propia para ofrecer tarifas máis baixas.

Negociar directamente na UE os intereses do noso sector pesqueiro, agrario ou naval. Hoxe, Galiza non ten voz nin voto en Bruxelas cando se abordan asuntos que afecten aos nosos sectores fundamentais.

Un novo modelo de financiamento. Cómpre lembrar que o pasado ano, Galiza aportou ao Estado 7.600 millóns de euros, dos cales so nos devolveron 5.900. Serviría tamén para que empresas como ENDESA ou FENOSA paguen os seus impostos en Galiza e non en Madrid.

Por último, o Novo Estatuto que propón o BNG serviría para que Galiza non quede atrás e teña unha relación en pé de igualdade co Estado, para o mutuo beneficio de todos.

Espazo reservado para o Partido Popular

Este espazo de opinión política está reservado, coma nos anteriores números de Cerne, para o Partido Popular de Melide. Pero nesta ocasión, ao igual que nos números 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 declinou a nosa invitación a participar.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vila para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio.

Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

Sen lugar para a cultura

AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE MELIDE

A comezos do ano 2003 foi cando a nosa Casa da Cultura acabou converténdose pouco menos que nuns cascotes por culpa duns gobernantes ineficaces. Desde entón temos que escoitar os eventos musicais dentro da Igrexa Parroquial, que como todos sabemos non está nas condicións máis idóneas para estes actos. Pois ben, durante este tempo tivemos que padecer un xélido frío dentro de dita casa durante a actuación dunha orquestra

de cámara moi coñecida, grupos musicais de renome, así como varios actos culturais levados a cabo na Semana da Música de Melide.

Estes actos culturais quedan desvirtuados por non contar cun recinto nas debidas condicións de acústica.

O caso é que levamos trinta meses nesta situación e non sabemos cando vai rematar; os veciños de Melide necesitan escoitar a Orquestra de Cámara nun recinto digno; a

Semana da Música ten que celebrarse nun lugar idóneo. En definitiva, os actos musicais e culturais deben ter lugar nun sitio que honre a Melide.

É triste ver que despois de ter un Palacio de Congresos que debería reunir estas condicións, pero non as ten, non contemos cun lugar onde relaxarnos escoitando música ou asistindo a actos culturais da nosa terra ou doutros lugares.

Ata cando vai seguir isto así?

Rectificación

No número 11 de Cerne. Terra de Melide, publicamos por erro que o alcalde e varios concelleiros do Partido Popular de Santiso viaxaron á Arxentina, cando unicamente participou na viaxe o concelleiro Manuel Suárez.

O alcalde de Santiso, Ramón Villar tamén qixo precisar que dita viaxe foi para realizar un xantar cos emigrantes, e que os gastos de 5.730 euros correspondían unicamente á comida e aos dous billetes de avión.



Joyería Oro Ley
Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

**Anúnciese
no
Cerne**

Teléfono:
9814506188

O BNG informa da convocatoria de 5 postos de traballo no Concello

Acusan ao goberno municipal de ocultar a información

Redacción
Melide

Os nacionalistas meliden- ses decidiron informar da convocatoria de cinco prazas no Concello. En concreto, dúas de funcionario (un técnico de Xestión e un administrativo, por promoción interna) e tres prazas de persoal contratado fixo (un encargado do edificio Multiusos, un xardiñeiro e un encargado de obras). O prazo rematou o día 12 de decembro.

O BNG considera que o goberno municipal levou a cabo un proceso “escuro e carente de garantía”, ao non informar publicamente desta convocatoria, polo que decidiron informar aos cidadáns mediante a colocación de cartaces. Segundo Socorro Cea, portavoz do BNG, nunha convocatoria anterior de nove prazas (o ano 2003), tomaron unha medida semellante, aínda que “xa sabíamos os nove nomes de a quen lle ían dar as prazas”. Esta vez, Cea



Os nacionalistas colocaron cartaces por toda a vila

comprometeuse a dar os nomes dos gañadores das prazas antes de que saian oficialmente, para avala- r a súa denuncia.

Con voz pero sen voto

Para evitar que se adxudiquen previamente as prazas, os nacionalistas reclaman medidas como que se dea publicidade das convocatorias na radio municipal e que a oposición poida estar presente, aínda que sexa sen voto, nos tribunais das oposicións. O PP vén denegando habi-

tualmente esta petición, co argumento de que non téñen obrigación legal de facelo. A contratación dun animador deportivo tamén foi criticada polo BNG, xa que só houbo dous días hábiles desde a publicación da convocatoria no BOP, polo que “é doado deducir que so se vai presentar unha persoa para este posto, a mesma que xa leva varios anos contratada no concello como animador deportivo”, afirmaron os nacionalistas nun comunicado de prensa.

O PSdeG presenta dúas mocións relacionadas coa recollida do lixo

Piden unha maior limpeza dos contedores

Redacción
Melide

Os socialistas de Melide presentaron dúas mocións para o pleno extraordinario de decembro relativas ao servizo de recollida de lixo.

En primeiro lugar, consideran que a instalación de contedores subterráneos é unha boa medida, no que corresponde á hixiene é ao aspecto estético. Porén, pensan que o Cantón de San Roque (fronte á Alameda) non é o mellor sitio para a súa colocación; por estar alonxados dos locais comerciais e vivendas da zona; porque limitan o espazo público da praza destinado a paseo e xogos dos pequenos e porque “vista a escasa pulcritude no traballo de limpeza da empresa concesionaria, sospeitamos que no

verán non se poderá utilizar como agora a zona de paseo ou sentarse nas súas proximidades”. O PSdeG pide que no futuro se teñan en conta estas circunstancias para a instalación de novos contedores soterrados.

A segunda moción fai referencia ao estado dos contedores de lixo de superficie, en especial nas parroquias do rural. O grupo municipal socialista considera que “presentan un estado lamentable, pese a que na concesión, a limpeza dos mesmos figura como un dos apartados”. Na moción demándase que se lle requira a Celta Prix a limpeza dos contedores así como a súa colocación nunha plataforma de cemento con sistema de suxección para evitar que os despracen de sitio.

O campo do Cire recibirá máis cartos para a mellora do alumeado

Redacción
Melide

A área de Promoción Económica da Deputación da Coruña, financiará a mellora da iluminación do campo do Cire, por valor de 24.000 euros, segundo informou o BNG nun comunicado. Este investimento súmase aos xa aprobados polo concello, correspondentes ao Plan de Inversións Locais do 2005 e o Plan de Obras e Servizos do 2006, finan-

ciados tamén con fondos da Deputación. En total o campo de Melide recibirá 608.000 euros.

As outras obras serán a instalación de herba artificial con drenaxe e recollida de augas, a mellora das gradas e o peche da parcela na que se atopa.

O presidente do Cire, Jesús Carlos Pampín, acollu a noticia con “gran satisfacción” e agradeceu lles ao Concello e á Deputación estes investi-

mentos, que permitirán manter máis categorías inferiores (conta con infantís, cadetes e xuvenís) e evitarán que o equipo teña que xogar noutros campos, como ten sucedido nalgúna ocasión. Desde a directiva agardan que as obras estean rematadas para setembro do vindeiro ano. Tamén esperan que a mellora do campo faga que asista máis público (o Cire conta agora con 210 socios).

MYH NOR
MORTEROS Y HORMIGONES

CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3ª Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120

PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

As comarcas de Melide e Arzúa están por debaixo da media galega nos indicadores económicos

A antena cameral presentou o avance dun estudo socioeconómico que sinala como principais puntos débiles a baixa integración da muller no mercado laboral e a escaseza de infraestruturas e de complementos de servizos e equipamentos

Redacción
Melide

O salón de plenos do concello acolheu o 22 de decembro a presentación dun estudo socioeconómico que abarca os concellos de Melide, Santiso, Sobrado, Toques, Arzúa, Boimorto e Vilasantar. Este estudo pretende coñecer as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da economía desta zona.

No acto estiveron presentes, entre outros, Jesús Asorey, presidente da Cámara de Comercio de Santiago, Ánxeles Vázquez, alcaldesa de Melide, Ramón Villar, alcalde de Santiso, o concelleiro de comercio de Arzúa, a xerente da fundación Terra de Melide, Emilio Ares, tesoureiro de Asetem e representantes dos empresarios da comarca de Arzúa (Aeca). Melchor Fernández, director do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega), explicou os datos máis importantes, a falta do documento final. O estudo está elaborado a partir de distintas fontes, como o censo, o anuario económico de La Caixa ou o informe Ardán da zona Franca de Vigo.

Equipamentos

O informe constata unha excesiva dependencia das estradas convencionais, debido á carencia de ferrocarril, autovías e autopistas. A oferta de solo industrial concéntrase nos polígonos de Melide e Arzúa. A maiores, destacan a falta de complementos de servizos e equipamento. O concello de Melide ten un



Jesús Asorey, Ánxeles Vázquez e Melchor Fernández, de esquerda a dereita, durante a presentación do estudo

alto dinamismo empresarial, concentrando máis do 50% das empresas.

Mercado laboral

As comarcas de Melide e Arzúa posúen un 20,8% de poboación maior de 65 anos, fronte ao 16% da media galega, e perden poboación, especialmente nos concellos rurais. Os movementos migratorios de saldo positivo corresponden con emigrantes retornados, mentres que a emigración se dirixe cara ao resto de Galicia.

A taxa de desemprego está por baixo da media galega, pero houbo un descenso na taxa de activos (traballadores e parados), con datos espectaculares en Toques e Sobrado. Hai un baixo porcentaxe de activos na poboación feminina, aínda

que aumenta e tende a converxer coa media de Galicia. As mulleres son maioría entre os desempregados.

Destaca tamén que menos do 20% dos traballadores dos concellos de Arzúa e Melide teñen o seu emprego fóra do municipio de residencia. A cualificación da man de obra é baixa (menos dun 10% con estudos universitarios), pero dentro do habitual nas zonas agrarias. É relevante o elevado porcentaxe de autónomos.

A renda por habitante está próxima ao 90% da media galega, cando hai 20 anos non chegaba ao 70%. Porén, o dato non é tan bo como parece, posto que se debe en parte ao despoboamento e envellecemento da poboación.

En canto ás valoracións, a alcaldesa de Melide quixo destacar as medidas que está a tomar o concello para facilitar a incorporación da muller ao mercado laboral, como a creación dun centro de día e a ampliación da escola infantil. Resaltou tamén a oferta de actividades complementarias para o turismo, como as rutas de sendeirismo e a instalación dunha caseta informativa.

Asetem

Javier Rodríguez, vicepresidente dos empresarios, bota en falta referencias á actividade agraria, mentres hai unha confianza excesiva no papel do turismo rural. Esta asociación agardará a recibir o estudo final para facer unha valoración detallada

As conclusións

O equipo do Idega resalta a importancia relativa do sector servizos nas comarcas de Arzúa e Melide. Fai fincapé nas potencialidades do turismo rural, por ser unha zona rica en recursos patrimoniais e paisaxísticos, entre os que destaca o Camiño de Santiago. Tamén é un área con menos presión sobre o territorio que a costa galega. Recomendán que as casas rurais amplíen a súa oferta con actividades complementarias. A recuperación do sector primario e a agroindustria tamén foron mencionadas como as outras chaves do desenvolvemento económico de Melide e Arzúa.

A oferta de ciclos formativos non responde á demanda

O alumnado inclínase polos ciclos superiores e a Universidade



Vista exterior do instituto de Melide

Redacción
Melide

Un estudo da Antena cameral sobre as preferencias dos alumnos de cuarto de ESO do IES de Melide amosa as preferencias dos estudantes en canto á continuación dos seus estudos. A enquisa, orientada a coñecer a demanda de ciclos formativos, amosa as deficiencias na oferta deste tipo de estudos.

No instituto de Melide só se oferta un ciclo de grao medio, de Fabricación a medida e Instalación de carpintería a Moble. O ciclo de comercio foi suprimido por falta de alumnado. Comparando a situación con Arzúa, a cabeceira de comarca máis próxima, vemos que hai cinco ciclos de grao medio, con 61 alumnos e tres ciclos de grao superior con 41 alumnos, entre o IES de Arzúa e a Escola Piñeiral (centro privado). Aproximadamente a metade dos estudantes de Melide estarían interesados en cursar ciclos formativos de grao medio ou superior. Os datos da enquisa son os seguintes: Entre os alumnos varóns que contestaron a enquisa

(39), seis desexan realizar ciclos de grao medio e 28 continuar no bacharelato. Destes, 14 desexan ir á universidade e os outros 14 estarían interesados en cursar un ciclo superior. Igualmente, tres alumnos desexarían cursar ciclos de grao medio e a continuación de grao superior. Entre as mulleres enquisadas (60), trinta e seis querían realizar estudos universitarios, das cales cinco estarían interesadas tamén en cursar ciclos superiores. En total, hai 21 alumnas que realizarían ciclos de grao superior asando polo bacharelato, 3 que farían primeiro ciclos de grao medio e logo de grao superior e 4 interesadas unicamente en ciclos de grao medio.

Ciclos máis demandados Entre os alumnos varóns, a maior demanda é de ciclos de electricidade e mecánica; actividades agrarias; soldaduría e informática. Entre as mulleres, os ciclos máis demandados son os relacionados con administración e finanzas; sanidade; estética, perruquería e decoración e comercio e márketing.

Medio Ambiente recibe os representantes do PSOE

A consellería colaborará no abastecemento e saneamento da zona rural

Redacción
Melide

Manuel Prado e María Jesús Iglesias, concelleiros do PSdeG-PSOE, reuníronse o día 26 en Santiago co conselleiro de Medio Ambiente. Manuel Vázquez comprometeuse a colaborar na dotación de sumidoiros e abastecemento de auga das parroquias rurais do concello. Os representantes socialistas farán unha proposta acerca dos núcleos que teñen unha demanda máis urxente.

A maiores, nesta reunión falou da elaboración



"Pachi" Vázquez reuniuse cos edís do PSOE

dun pla de ordenación para a Serra do Careón. O conselleiro comprometeuse a intentar compatibilizar a necesaria ampliación do polígono coa necesaria protección do entorno medioambiental.

O parque da Avenida de Compostela está abandonado

Redacción
Melide

O BNG reclama que se mellore o estado do parque da avenida de Compostela, a carón do instituto. Foi construído en 1999 cun investimento de 23.400 euros. "A zona presenta un lamentable aspecto posto que xa non hai nin rastro dos bancos nin das papeleiras e vese simplemente unha parcela totalmente abandonada e baleira", afirman.



O BNG pedirá información sobre o custe do parque

A alcaldesa reunirase con Touriño

Redacción
Melide

Ánxeles Vázquez reunirase co presidente da Xunta en representación dos alcaldes do PP da provincia da Coruña. A rexedora de Melide reclamará que se realicen as obras paralizadas por Medio Rural.

Subscripcións Cerne Terra de Melide

-Ante as peticións dalgúns lectores, Asetem e mais a dirección do xornal decidimos poñer á súa disposición a posibilidade de recibir unha suscripción anual.

-O prezo inicial será 15 euros.

-Para informarse poden chamar ao 981506188 ou enviar un correo electrónico a info@asetem.com

Catro concelleiros do goberno declaranos xulgados de Arzúa pola folga do lixo

Himerio Curros, José Roca, Manuel Rúa e Jesús Penas foron denunciados polo sindicato UXT

Redacción
Melide

O 21 de decembro, máis dun ano despois da folga de Celta Prix, os catro concelleiros do Partido Popular prestaron declaración nos xulgados de Arzúa. Os acusados chegaron xuntos, sobre as once da mañá. Desde o sindicato UXT, o seu responsable comarcal e autor da denuncia, David Barrio, valoraraba en primeiro lugar a independencia e imparcialidade da xustiza, “na que confirmamos e ratificamos a nosa confianza”. “Todo dá a entender que isto pasará á Audiencia Provincial, onde serán xulgados”, afirmou. O responsable do sindicato tamén quixo lembrar que tres sindicalistas da CIG en Lugo recibiron unha dura condena, neste caso por obrigar a participar nunha folga, e agarda que neste caso se aplique a mesma condena. Barrio



Os acusados acudiron xuntos aos xulgados de Arzúa o 21 de decembro

precisou que non ten ningún tipo de rencor persoal contra os acusados, nin tampouco ningunha ambición política a maiores. A UXT considera “lamentable que uns cargos electos caian neste tipo de actitudes, arremetendo contra os máis débiles, como é neste caso a clase traballa-

dora”. O sindicato lembra que os traballadores foron sometidos a “presións moi duras” durante os 18 días que durou a folga, durante os cales o Concello non foi imparcial senón que se puxo do lado da empresa Celta Prix. Para David Barrio este foi un acto de “demostración de forza”,

non exento de certa ignorancia da lexislación vixente. Barrio afirmou que de seren condenados deberían dimitir dos seus cargos. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, indicou que os catro acusados agardarán a que haxa unha sentenza para facer declaracións.

Melide contará cun punto de información turística

Redacción
Melide

A Deputación da Coruña investirá 18.000 euros na instalación dunha caseta de información turística. A situación do concello na ruta do Camiño francés de Santiago facía necesaria esta instalación. A deputación considera que perto de 8.000 visitantes, entre turistas e peregrinos poderían pasar pola caseta, aos que habería que sumarlles 4.500 persoas que pasan en Melide os meses de verán.

As obras do xeriátrico remataron en decembro

Redacción
Melide

A alcaldesa de Melide espera que a residencia da terceira idade estea operativa en primavera. As obras da última planta, cun orzamento de 235.000 euros, remataron este mes. A residencia contará con 75 prazas.

A Deputación construíra un frontón

Redacción
Melide

A administración provincial financiará con 20.000 euros a construción dunha pista de frontón, a petición do concello de Melide. Esta instalación está pensada para o desfrute dos rapaces inscritos nas escolas deportivas municipais. O frontón terá doce centímetros de espesor, tres metros de alto e catorce de lonxitude.



- Productor de toda clase de flores
- Preparamos:
 - Ramos de Rovia.
 - Coronas. Ramos.
 - Palmus. Centros, etc.

Tfnos.: 981 50 61 64 - Part.: 981 50 59 86
C/ Amador Rodríguez, 7 - 15800 MELIDE (La Coruña)



Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)

Agencia distribuidora de Repsol Butano. Tfno. de pedidos: 387 505 010
Servizo Oficial. Tfno. de averías: 901 121 212
Instalacións de gas
Venta y reparación de Gasodomésticos



Agencia de Repsol Butano n.º 15158

Puntos distribución Cerne Terra de Melide

Melide: Librería Victorio, Librería Cousas, Librería Yomar, Librería Parrado, Hotel Carlos 96, Bar Sony, A Fundación, Curros, Cafetería Marta, Parrillada Alongos, Sala de Xogos Noela, Bodegón Celta, Bar Parafita, Bar San Martiño, Bar Furelos, Bar As Barreiras, Bar o Mato (Vitiriz)

Toques: concello, centro médico, Xaneiro I, Xaneiro II, Bar Alfonso, Bar Lorena, Bar Taxista, Bar Carburo, Bar Paradela, Casa Amadora, Bar Brañas

Santiso: concello, centro médico Arcediago, centro médico Visantoña, Bar Lareira, O Mesón de Visantoña, Bar de Chorén, Bar de Ponte Arcediago, Bar Belmil (Penaposta), Bar Serantes

Sobrado dos Monxes: concello, centro médico, Bar Plaza, Hotel San Marcos, piscina

Un convenio coa Deputación permítelle ao museo xestionado polo centro de Estudos Melidenses mellorar contidos e instalacións

Cuartos renovados para vellas xoias

A vila de Melide conta cun pequeno tesouro desde o ano 1978. E a verba “tesouro” é perfectamente axeitada, posto que no museo xestionado polo Centro de Estudos Melidenses atópanse pezas de moito valor arqueolóxico e artístico. As súas sete salas, divididas nas sec-

cións de Arqueoloxía, Etnografía e “Camiños de Santiago” contan con obxectos que van desde machados neolíticos até ferramentas propias dos oficios tradicionais. E agora, tras unha remodelación, será máis cómodo de visitar para peregrinos, veciños e amantes da cultura.

Denís Fernández Méndez
Melide

No anterior Cerne dábase conta da reapertura do Museo da Terra de Melide, nun acto ao que asistiron o presidente e mailo vicepresidente da Deputación da Coruña, debido a que estas dúas institucións estableceron un convenio de colaboración. Xosé Manuel Broz, director do museo, explicou as melloras producidas no antigo hospital de peregrinos: colocación dunha tarima de madeira, unha nova varanda e a recolocación e mellora da exposición, que conta tamén cunha nova iluminación.

A próxima actuación que ten prevista a directiva é a instalación dun vestíbulo acristalado que aille térmicamente o espazo, para garantir un bo ambiente tanto para os visitantes como para as pezas expostas.

Arqueoloxía e Camiño

O Museo da Terra de Melide consta de sete salas, divididas en tres grandes grupos: o Camiño de Santiago, Arqueoloxía e Etnografía. Dentro do primeiro podemos encadrar os contidos da sala 1, con paneis de fotografías dos momumentos cos dous percorridos de camiños que pasan pola terra de Melide: o Camiño francés, sen dúbida o máis coñecido e tamén o Camiño Primitivo ou de Ovedo. Así mesmo, conta cunha maqueta onde se atopan os puntos máis importantes da comarca en canto a patrimonio histórico. Tamén se pode atopar sartegos funerarios,

capiteis medievais, reproducións de pinturas murais das igrexas e a historia do Hospital de Peregrinos de Sancti Spiritus, o mesmo edificio que hoxe en día acolle o Museo, e que foi fundado por Sancho de Ulloa, Conde de Monterrei, no ano 1502. De feito, a portada medieval, na que se poden observar os blasóns de Ulloa e do Castro é un elemento singular da arquitectura galega. Hoxe en día, a maior parte dos visitantes do museo son peregrinos.

As salas 2 e 3 do museo teñen unha colección arqueolóxica interesante. O obxecto de máis valor histórico é a Punta de Lanza do castro de Melide, do período do Bronce final e datado no ano 1000 a.C. Tamén hai outros obxectos da época do bronce, así como unha serie de machados de pedra da época anterior aos metais: o Neolítico.

No tocante á cultura dos castros e á época romana podemos ver as mostras de varios castros excavados na Terra de Melide, das cales a máis importante é a do Castro da Graña, do concello de Toques, consistentes fundamentalmente en restos de cerámica e muíños. Igualmente, podense observar os achados da Vila Romana de Piñeiro e o Tesouriño de moedas de Sobrado dos Monxes.

Etnografía

As outras catro salas do museo (e parte da número 3, cunha colección de moedas e reloxos de



Xosé Manuel Broz, ensinando a maqueta dos monumentos da comarca

época) están adicadas á etnografía e á historia da vila de Melide. Os oficios tradicionais son os grandes protagonistas desta sección do museo. Así, hai paneis adicados aos ferreiros, os zapateiros e zoqueiros, os carpinteiros e os telleiros. Tamén hai seccións adicadas aos útiles do agro, e tamén aos tecidos, con mostras de liño e de la (os tecidos tradicionais), fusos, rocas, ripas e cardas e roupas antigas.

A sala 7 está adicada á

época) están adicadas á etnografía e á historia da vila de Melide. Os oficios tradicionais son os grandes protagonistas desta sección do museo. Así, hai paneis adicados aos ferreiros, os zapateiros e zoqueiros, os carpinteiros e os telleiros. Tamén hai seccións adicadas aos útiles do agro, e tamén aos tecidos, con mostras de liño e de la (os tecidos tradicionais), fusos, rocas, ripas e cardas e roupas antigas. A sala 7 está adicada á

adicada á escola antiga e mais ao xoguete.

Boa parte dos contidos proveñen de donacións, xa que o museo conta con numerosos contactos en toda a comarca. Segundo Broz, a xente está concienciada de que unha peza no museo “é de todos e para todos” e avisan cando se producen achádegos fortuítos.

A intención é ampliar o museo e instalar nun novo edificio unha sección adicada á historia de Melide.

O Centro de Estudos Melidenses


O Museo da Terra de Melide é un dos poucos museos privados pertencentes a unha asociación cultural: o Centro de Estudos Melidenses. A asociación conta con 350 afiliados, e leva sendo xestionada practicamente polas mesmas persoas desde a fundación do museo en 1978. A directiva, que traballa sen ánimo de lucro está formada polos irmáns Benedito e Xulio Álvarez e Antonio Díaz, ademais de X.M. Broz. Para o director do museo, o feito de que se traballe “por amor á Terra de Melide” explica a boa situación financeira do museo, que só conta cunha persoa asalariada.

O Centro de Estudos Melidenses, ademais de xestionar a exposición permanente do museo edita un boletín anual con estudos inéditos acerca da historia e o patrimonio artístico da comarca, redactados por historiadores afeccionados locais. De feito estes boletíns van polo número 18, estando

previsto o próximo para xaneiro.

O Convenio asinado coa Deputación da Coruña permitirá que os visitantes entren de balde, xa que antes pagaban un prezo simbólico, primeiro de 1 euro e logo de 0,5 céntimos. O texto do convenio recolle un orzamento dun máximo de 30.000 euros anuais, a distribuír do seguinte xeito; 8.750 para os honorarios dos colaboradores; 5.500 para o funcionamento do local; 4.900 para “montaxe e mantemento etnográfico” e 10.850 euros en publicacións.

Xosé Manuel Broz ten plena confianza en que este convenio sexa renovado todos os anos, pero sabe que sempre ten detrás o “colchón firme” dos socios, que veñen dando ao un apoio fiel. As cotas de socios son de 30; 48 e 150 euros, esta última para os socios protectores do museo. A presenza de varias empresas como socios protectores garante a estabilidade das contas.



A punta de lanza de Melide, unha das xoias do museo



Portada do antigo hospital de peregrinos, hoxe Museo, cos blasóns de Castro e Ulloa



Os aparellos do ferreiro, na sección de etnografía

O concello de Toques aproba o PXOM cos votos en contra dos independentes e o PSOE

Foron aceptadas un 60% das alegacións presentadas na fase de avance.

Redacción
Toques

O documento que rexirá o planeamento urbanístico de Toques recibiu a aprobación provisional no pleno extraordinario do 29 de novembro. O texto final recolle un 60% do total das máis de 200 alegacións presentadas na fase de avance.

A pesar diso, o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), recibiu os votos en contra da oposición municipal, conformada por PSOE e a Agrupación de Independentes por Toques (AIT). Os independentes acusan ao rexedor municipal, Jesús Ares, de “piratear” as propostas que eles realizaran na campaña electoral. Ademais, critican a excesiva dependencia do concello respecto da empresa que realizou o proxecto: Estudio Técnico Galego, así como a falta de participación cidadá.



Casa do concello

Cruz Bande, do PSdeG-PSOE, comparte estas críticas, sinalando que “foi elaborado a espaldas dos concelleiros da oposición, pola vía de urxencia e procurando que a súa aprobación inicial pasase de puntillas”.

Os grupos da oposición consideran que debido á

súa actuación se deu a coñecer o plan e os veciños puideron presentar enmendas.

Liñas básicas do PXOM

O proxecto finalmente aprobado recolle a ampliación da estrada de Villamor, amplía o solo de núcleo rural o máximo posi-

ble e recoñece núcleos de poboación que non estaban recollidos no plan orixinal. Un 40% do solo do concello está incluído na Rede Natura.

En canto ao Camiño Primitivo de Santiago, foi finalmente delimitado no plan debido á intervención da Xunta de Galicia.

Aprobado o POS do 2006

Tamén foron aprobadas varias obras do Plan de Obras e Servizos, financiadas pola Deputación con algo máis de 150.000 euros e polo concello cun 5% do total:

-Colocación de puntos de luz en diversas parroquias.

-Pavimentación en Pazo de Abaixo, muro de contención en Villamor, ensanche en Irago de Arriba.

-Pavimentación en Buxán. Camiño entre Carreira e A Garela. Acondicionamento da fonte de San Martiño.

-Ampliación do camiño Irago de Arriba-Villamor.

-Camiño de Socoitos, muro en Pazo de Abaixo e muro en Pazo de Arriba (Villamor).

A oposición votou en contra por non teren sido consultados.

Os concellos de Santiso e Sobrado organizaron actividades de Nadal para os máis cativos

Redacción
Terra de Melide

Sobrado dos Monxes acolleu o día 28 unha “olimpiada” na que participaron rapaces do concello e de municipios limítrofes. Os rapaces, de entre 6 e 14 anos puideron practicar xogos populares, así como varios deportes: minifútbol, minibásquet, volei, bádminton e tenis de mesa.

A actividade durou toda a tarde e os rapaces estive-

ron rotando entre un deporte e outro.

Papá Noel

Pola súa banda, en Santiso, o concello organizou unha visita de Papá Noel aos dous colexios públicos do concello, en Arcediago e Visantoña. O home da barba e o trineo tirado por renos repartiu bolsas de lambetadas entre os máis novos na mañá do día 22.

O colexio de Toques acolleu a habitual cea de Nadal

Redacción
Toques

Como todos os anos, o concello de Toques convidou a representantes da sociedade civil e da política da comarca da Terra de Melide á súa cea de fin de ano, que en palabras do alcalde Jesús Ares “lévase celebrando desde antes de que eu nacera”. A cea de fin de ano en Toques coincidía antano co día de medición dos viños.

Entre os asistentes estaban os concelleiros do goberno (ex PP), de AIT Toques (oposición), os alcaldes de



O alcalde de Toques saúda a José Antonio Rodríguez

Santiso, Sobrado e Portas, membros da Garda Civil e Protección Civil da comarca, empresarios e funcionarios municipais.

Representando a Asetem acudiron o presidente, José Antonio Rodríguez e o vicepresidente, Javier López.

O accidentado enterro do señor Manuel do Roxo

Jesús Ares denega un nicho municipal para un ancián morto nunha residencia

Denís Fernández Méndez
Toques

O día 29 de novembro, o Concello de Toque recibía a chamada dunha residencia de anciáns de Oleiros informando do pasamento de Manuel Vaamonde Varela, veciño da parroquia de Villamor, e solicitando un nicho no cemiterio municipal.

Manuel Vaamonde (“Manuel do Roxo”), que sufría unha discapacidade, levaba dez anos aproximadamente nesta residencia, onde fora ingresado grazas ás xestións do cura de Villamor. Segundo Manuel Ferro, portavoz da Agrupación de Independentes por Toques (AIT), carecía de familia directa e nunca recibira visitas neses anos.

Nun primeiro momento, o concello de Toques decidiu ceder o nicho, pero logo rectificou; argumentando o alcalde precisamente que o finado tiña familia que se podía facer cargo del. A pesar de que a institución na que estivo vivindo Manuel Vaamonde se ofreceu a facerse cargo dos gastos do enterro, incluíndo a compra da praza no cemiterio, esta solicitude foi denegada.

O enterro

O día 30, Manuel Vaamonde foi enterrado no adro da igrexa parroquial de Villamor, a pesar de haber 19 nichos baleiros no cemiterio municipal desta parroquia.

O alcalde, Jesús Ares, non asistiu ao enterro, contra o seu costume habitual. Para o portavoz dos independentes, Ares é “un auténtico especialista en acudir a enterros, sempre que haxa rendemento electoral”. A concelleira socialista Cruz Bande afirma que “non é



O finado foi sepultado no adro da igrexa parroquial de Villamor, ao non ter permiso para usar o cemiterio municipal

fácil de entender esta actuación para o vecindario deste concello, dada a cultura e os costumes funerarios das últimas décadas”. Bande fai referencia a que ser sepultado na terra, sen panteón propio, é visto como un enterro indigno. Segundo a concelleira socialista, algúns veciños acudiron a amosarlle a súa indignación polo suceso, de aí que a oposición, que conta co tercio da corporación municipal necesario para convocar un pleno extraordinario, procedese a solicitarlo.

Pleno extraordinario

Así, o día 23 de decembro reuniuse a corporación en pleno, no cal a oposición pretendía reprobar a actuación do alcalde. O PSOE argumentaba que se amosou unha “total carencia de sensibilidade e humanidade”. Pola súa banda, os independentes afirmaban que a familia de Manuel

“era o Concello de Toques”, e que lle correspondía á institución municipal facerse cargo do finado, ao carecer este de familia directa.

Jesús Ares, quen se negou a facer declaracións a este medio, argumentou que Manuel Vaamonde “non era un pobre de pedir” e si tiña familia que se podía facer cargo del. Ante as esixencias da oposición de que explicase quen eran os que se podían facer cargo del, o alcalde limitouse a repetir con malos modos que “tiña familia”. O punto esperpéntico púxoo un dos concelleiros do equipo de goberno ao afirmar que “o defunto non era un mendigo e que se lle deixaba todo o que tiña el mesmo o enterraría no seu propio panteón”.

E é que os apoios cos que conta Jesús Ares tamén teñen as súas peculiaridades. O alcalde e os cinco concelleiros do grupo de goberno foron expulsados

do Partido Popular tras ser Ares condenado por abusos sexuais á menor Sandra Camoiras, nunha sentenza xudicial que deu a volta a todo o Estado español. Agora, os cinco concelleiros están considerados “non adscritos”, pero manteñen a fidelidade ao seu xefe.

Esta condena é algo que vén ao caso, posto que en Toques se comenta que a familia Camoiras ten un parentesco lonxano co finado Manuel Vaamonde, e son a eles a quen se refire o alcalde. No texto da moción de AIT, afirmase “se esta actitude obedece a un espírito revanchista en relación con determinad familia de Toques coa que vostede ten pendentes contas de xustiza penal, daquela evidencia vostede de novo, a súa catadura moral, indigna de representar unha corporación”. Porén, isto non está probado, e hai outras hipóteses que poden explicar a acti-

tude do alcalde, como a situación irregular dos cemiterios municipais que tamén denunciou no su día a oposición.

Fin da sesión

Tras debatir a cuestión da reprobación, gañada polo equipo de goberno, Jesús Ares decidiu bruscamente dar por finalizado o pleno, ante a sorpresa da secretaria en prácticas, e deixando os concelleiros da oposición sen dereito a réplica. Estes manteñen a súa petición de que se faga un enterro digno no cemiterio municipal.

Agora, AIT está a estudar se o alcalde infrinxiu a lei ao non ceder gratuitamente o nicho municipal, como recolle a ordenanza correspondente no tocante ao “enterramento de asilados procedentes da beneficencia”. Mentres, Manuel Vaamonde Varela, “Manuel do Roxo” durme o soño eterno no adro da igrexa de Villamor.

Floristería Tarrío: do hobby á empresa

Manuel Tarrío conseguiu realizar unha das súas aspiracións persoais ao converter o que empezou como unha afección na profesión coa que se gana a vida. Dirixe unha empresa que non se limita á venda senón que tamén controla a produción da flor.

A tenda

Conta con flores de todo tipo, plantas decorativas e artigos para agasallos

A tenda de flores, situada na rúa Amador Rodríguez, fúndase no ano 1991, como continuidade dos viveiros que posuía Manuel Tarrío. Traballan na tenda Manuel e mais a súa muller, Remedios Sánchez. Ademais de flores, das que se autoabastecen mediante invernadoiros propios, venden na tenda prantas ornamentais e artigos para agasallos. Pero o grande negocio neste sector non é tanto a venda directa como os traballos de “arranxos florais”, fundamentalmente en enterros, vodas, e traballos de decoración para empresas. Manuel Tarrío ten a maiores unha formación específica, xa que é diplomado na Escola Española de Arte Floral. Ante a pregunta -algo morbosa, quizais- sobre se traballan máis en enterros ou en vodas, a resposta é a esperada: hai catro enterros por cada voda, debido

a atoparse nunha zona de poboación envellecida. Así, as funerarias son os mellores clientes de Floristería Tarrío, que traballa con cinco destas empresas, no concello de Melide e tamén con funerarias de concellos próximos como Palas de Rei, Sobrado dos Monxes ou Arzúa.

O negocio da flor ten un importante compoñente estacional, xa que a maioría das vendas realízanse en datas sinaladas, como Santos, o día dos Namorados ou o día da Nai.

Floristería Tarrío, ao contar cos invernadoiros para producir as súas flores, non depende de provedores externos (excepto para as prantas), pero pode atoparse con situación de sobreproducción en determinadas épocas do ano. Cando isto sucede, venden o stock sobrance a comerciantes por xunto.



As vendas directas son só unha parte do negocio

Os viveiros

O corazón da empresa está nos invernadoiros onde se producen todo tipo de variedades de flor durante nove meses do ano

No lugar de San Salvador de Abeancos atópanse os invernadoiros onde se cultivan as flores da empresa desde hai 20 anos, ocupando unha superficie de 6.000 metros cadrados. Rosas, caraveis, “gerberas”, lilum, astromelias, semprevivas e paniculatas son algunhas das flores ornamentais que crecen baixo o plástico. Estudantes de ciclos de FP fan aquí habitualmente as súas prácticas.

Manuel Tarrío destaca as vantaxes comparativas da flor de Galicia fronte á que se cultiva no sur da Península. Así, se as flores de Andalucía só se producen en cinco meses -os máis fríos-, no noso país unicamente quedan os



Os invernadoiros requiren un coidado constante

meses de decembro, xaneiro e febreiro como período de descanso. Os produtores galegos poden traballar sobre o solo natural, mentres que nos invernadoiros do sur son necesarias macetas ou fibra.

Tarrío lamenta non ter mais competencia na comarca. “Se houberse máis produtores, poderíamos organizarnos controlar a distribución. Esta é unha boa terra para as flores.”, opina.

As persoas

Manuel Tarrío e Remedios Sánchez levan esta empresa familiar

Manuel Tarrío e Remedios Sánchez, empezaron como asalariados en sectores que non tiñan nada que ver co cultivo e venda de flores: el, como empregado dunha estación de servizo, ela, como encargada dun taller de costura.

Para Manuel Tarrío, as flores foron sempre unha paixón, e comezou a cultivalas por hobby. Logo, pasaron a vendelas en mercados e prazas de abastos, e finalmente optaron por crear a floristería para darlle saída á produción dos seus viveiros.

En cambio, Remedios Sánchez defínese a si



Manuel e Remedios, na tenda

mesma como unha “florista feita á forza”, aínda que non o pareza.

Tarrío tamén é un destacado militante do PSOE local. Conta que cando se implicou en campañas

electorais, aproveitou os mitins para defender a produción de flores como unha alternativa á crise do agro galego. Gustaríalle que o seu fillo continuase coa empresa familiar.

A campaña “Mercando aquí gañarás. O teu centro comercial está en Melide” agrupa 24 comercios

Os establecementos participantes agasallan aos seus clientes con rifas para un sorteo de talóns por valor de ata 1000 euros

Redacción Melide

Un premio de 1000 euros, outro de 500, tres de 250 e cinco de 100 euros cada un van ser repartidos a partir do dez de xaneiro entre os clientes de vinte e catro establecementos comerciais de Melide. Esta é a VIII Campaña “O teu centro comercial está en Melide”, que viña sendo organizada até agora pola Fundación Comarcal Terra de Melide. Porén, este Nadal foi Asetem a entidade organizadora. A promoción durará do 12 de decembro ao 10 de xaneiro, día en que se efectuará o sorteo ante

notario nos locais de Asetem. Coa intención de promocionar o comercio local, os premios entréganse en forma de vales para realizar compras nos establecementos participantes na campaña, divididos en talóns de cincuenta euros cada un (un por establecemento). Os vinte e catro establecementos participantes están identificados por uns cartaces de cor laranxa. No sorteo extraeráanse vinte números (o premiado e mais un de reserva por cada premio), que serán expostos en cartaces nos comercios participantes. Mentres non chegan da imprenta, Asetem encarga-

rarse de informar a quen o desexe. A entrega dos vales realizarase nunha data aínda por definir, coa intención de que os titulares dos establecementos lles entreguen os seus premios aos clientes. Estes deberán facer uso dos vales nos quince días seguintes á compra.

Organización

Para Asetem é un motivo de satisfacción ter colaborado cos comerciantes na organización desta campaña (a petición dos interesados), na que participan empresas non asociadas. Cada establecemento contribuíu con 100 euros para os gastos de organización.



Os comercios están identificados por un póster

PARTICIPANTES	
Calzados Broz, Calzados Conde, Calzados Romero, Casa das Luces, Centro Comercial Ares, Floristería Tarrío, Imprenta Meligraf, Joyería Oro Ley, Joyería Roval, Joyería Silvela,	Kandela, Librería Victorio, Melligás, Mobles Ares, Modas Manuel, Muebles Paula, Muxica tenda xoven, Net informática, O Refaixo, Óptica Abal, Pazo Eidián, Perfumería Lyss, Sito Decoraciones, Tintorería Iris

Os comerciantes de Santiago invitan a Asetem á súa cea anual

O presidente de ACOTES defendeu a unión do pequeno e mediano comercio fronte ás grandes áreas

Redacción Melide

O hotel Puerta del Camino acolleu a cea de Nadal de ACOTES, a principal asociación de comerciantes de Compostela (representa 500 establecementos), á que foron invitados representantes doutras organizacións, como a asociación editora deste xornal. O discurso de Xosé Oreiro, presidente de ACOTES, fixo especial fincapé no tema das grandes superficies, xa que hai 6 novas grandes áreas que solicitaron permiso para instalarse en Galicia. Oreiro sinalou que os políticos deben “facer cumprir as normas para as grandes áreas do mesmo xeito que fan para os pequenos”. Resaltou que o pequeno comercio xera emprego



Xosé Oreiro pronunciou o seu discurso antes de comenzar a cea

digno e solicitou unha reforma do sistema de xubilacións, para que os comerciantes poidan acceder ao retiro anticipado. Tamén entrevistou o alcalde de Compostela, para resaltar a “importancia do

pequeno comercio no mantemento da paz social”. Xosé Sánchez Bugallo defendeu a especialización deste sector para ser competitivo. No acto tamén foron homenaxeados dous

veteranos comerciantes da capital de Galicia. O número de asistentes foi de aproximadamente 200 persoas, entre as que se atopaban comerciantes, empregados e concelleiros de Santiago.

José Antonio Rodríguez denuncia “partidismo” nas subvencións

Redacción Melide

O presidente de Asetem amosou a súa disconformidade co Concello de Melide pola distribución das subvencións ás campañas comerciais de Nadal. Rodríguez considera que só se apoiou a campaña do Centro Comercial Aberto formado polas empresas da antiga Aceim “con interese partidista e intención de acabar con Asetem”. Sospeita ademais que a Fundación Terra de Melide non financiou a campaña para forzar aos comerciantes a asociarse a este CCA. O presidente dos empresarios pediu que os cartos públicos se repartan equitativamente.

Milhulloo recibe un premio por promoción do cooperativismo

O Consello Galego de Cooperativas concedeu este galardón, cunha dotación de 6.000 euros

Redacción
Melide

O Consello Galego fai especial referencia ao feito de ser unha entidade aberta ao público, o que serve para difundir a importancia do cooperativismo no agro galego. E Carmela Valiño, unha das socias deste proxecto de agricultura ecolóxica con sede en Palas de Rei comenta que “recibimos moitas visitas de instiutos e colexios, porque non temos interese en ocultar os nosos procedementos, como fan outras empresas”. O produto estrela de Milhulloo, está a ser o grelo deshidratado, aínda que tamén traballan con outras hortalizas e con prantas medicinais, que pasan por un proceso de secado. Milhulloo procura incorporar todas as fases



Os deshidratados son a especialidade da empresa

do proceso produtivo, entre elas o envasado, para estar o máis perto posible do consumidor final, e consideran que este debe ser un modelo a seguir polo agro.

Os tres socios (Chus Espósito, Xaquín Rodríguez e Carmela) recibiron o premio con sorpresa, pero pensan rein-

vestilo en automatizar o proceso de deshidratado. A cooperativa Milhulloo naceu no 2001, e é socia de Asetem e da asociación galega de produtores de agricultura ecolóxica, contando coa certificación do consello regulador, que garante que non se empregan abonos químicos nen pesticidas na produción.

Compostela Monumental pide a dimisión de Jesús Asorey, en solidariedade con Asetem

Así como o cese de Freire e Carracedo

Redacción
Melide

A asociación que agrupa os comerciantes do Casco Vello de Santiago súmase a Asetem na petición formal de dimisión de Jesús Asorey, presidente da Cámara de Comercio da capital galega, así como de cese de Evaristo Rodríguez Carracedo e Javier Freire Chico.

Compostela Monumental súmase á asociación empresarial de Melide, xa que considera pouco ético que o organismo cameral financiasse o estudo de viabilidade do chamado “Centro Comercial do Mundo Rural”, promovido desde o Concello de Melide. Este foi financiado pola empresa Sarela Xestión, da que é socio

Carracedo e coa cal mantíña un contrato mercantil Freire Chico, ambos os dous membros do pleno cameral.

Demanda

A asociación de comerciantes manifestou que a demanda presentada contra José Antonio Rodríguez Carracedo e Asetem, obedece a un intento de “impoñer a lei do silencio” e “avisar aos discrepantes”.

Compostela Monumental considera que a Cámara de Comercio actuou cun “corporativismo mal entendido” mantendo nos seus cargos a Freire e Carracedo e pide a dimisión de Asorey para frear o “desprestixio” desta institución.

Aparece un retábulo do século XVI na igrexa de Santa María de Ordes

Redacción
Toques

Xosé Manuel Broz, director do museo da Terra de Melide, considera que o achado constitúe “un elemento singular pouco abundante e máxime no patrimonio rural. Ademais, o seu estado de conservación é moi bo.” No retábulo, de 1562, policromado e decorado con pan de ouro están representados catro apóstolos: Xoán, Pedro, Marcos e Pablo. Apareceu oculto tras uns engadidos de madeira nos que se colocaban candeas.



Imaxes dos apóstolos

receron detrás do retábulo pinturas murais cun Cristo e figuras xeométricas. A igrexa de Ordes, do século XIII ten aínda máis “tesouros ocultos”, como o artesanado da capela

maior, oculto por un falso teito. A o seu carón está un dos cruceiros máis interesantes da comarca. Broz opina que este patrimonio debe ser conservado e restaurado.

O Nadal acolleu varios concertos na comarca

Redacción
Melide

O día 23 de decembro tivo lugar na igrexa parroquial o tradicional concerto de Nadal a cargo da Orquestra sinfónica de Melide. Completouse o aforo, e interpretouse por primeira vez a Quinta Sinfonía de Beethoven.

Pola súa banda, a asociación cultural “A Toca”, organizou o día 26 do mes pasado no colexio vello de Souto (Toques), as actuacións da coral polifónica de Melide, do grupo Troito e do grupo de gaitas Axóuxere. O acto estivo patrocinado pola deputación da Coruña.



Actuación do grupo de gaitas “Axóuxere” en Souto

“A subvención non nos daba nin para chupa-chups”

O presidente do Club Ciclista Melidense quéixase de que en dez anos de existencia non recibiron ningunha axuda do concello

Redacción
Melide

De haber un premio ao “personaxe do mes” en Melide, Manuel Gómez, presidente do Club Ciclista Melidense tería bastantes papeletas para gañalo. O seu “salto á fama”, vén dunha decisión non moi habitual: a devolución dunha subvención de cen euros que recibiron do concello. A directiva do club renunciou aos cartos “para colaborar na redución do endebedamento no que está inmerso o noso Concello”. Un periódico de ámbito galego publicou a noticia e logo viñeron as entrevistas en varios medios de comunicación. Manuel Gómez, pintor de profesión, concedeunos esta entrevista.

-Para que se pedía a subvención?

-Para os desprazamentos e as inscricións nas 13 carreiras nas que partici-

pamos en toda España. En total pediamos algo máis de 3.000 euros. Entón foi cando nos concederon cen. O club leva dez anos constituído e o concello nunca nos deu nada; de feito, aínda nos debe unha factura. As únicas subvencións que recibimos son da deputación, e sempre cando estivo de presidente Fernández Moreda (PSOE). E nunca nos dixeron por qué

-Saberá que vai haber investimentos moi importantes para o campo de fútbol do Cire. Pensan que están discriminados por practicar un deporte minoritario?

-Si, porque hoxe, que é o Cire? E mira a cantidade de millóns que se van para aí... nós tampouco estamos en contra doutros deportes, claro. O noso é un club con 33 corredores federados e cen socios, así que nos gustaría saber que

baremo seguiron, pero non nos responderon.

-E agora fixéronse famosos...


-Si, entrevistáronnos na Radio Galega e en Localia. Tamén invitaron á concelleira de deportes e á alcaldesa pero non se presentaron. Este ano, mesmo organizaron o día da bicicleta e non nos chamaron ata a víspera. Esperamos que os catro telediaros que lles quedan pasen rápido e se vaian deste concello porque non son dignas de representarnos.

-Quere que poña iso?

-Si, si.

-Cambiando de tema, saíu algún profesional do Club?

-Había dous ou tres rapaces bos, que ademais estaban entregados ao ciclismo. Tiñamos espónsors pero só daban para a equipaxe e poñiamos nós o coche para levalos a correr. E claro, eles acaba-



Manuel Gómez Vázquez, presidente do Club Ciclista

ron por desanimarse porque non tiñamos ningunha axuda

-E como tomaron a decisión de devolver a subvención?

-Pensamos, qué mellor maneira de contribuír a amortizar a débeda municipal? Estamos moi agra-

decidos aos medios, porque é a forma de darlle publicidade a estas cousas. Houbo clubs que nos chamaron para felicitarlos. Pensa que a licencia de equipo son 175 euros, e a de cada ciclista 60. Non nos deron nin para chupa-chups.

O instituto organiza un mercadinho de comercio xusto

O IES de Melide tamén tivo expostos unha serie de carteis denunciando a manipulación da publicidade e os abusos das multinacionais

Redacción
Melide

Por segundo ano, o insituto organizou un mercadinho de comercio xusto, en colaboración coa ONG “Solidariedade internacional”. Segundo contou a profesora Marga Quintela, profesora de filosofía e organizadora do acto, algúns dos produtos esgotáronse e houbo que pedirlos de novo.

Café, cacao e derivados do cacao foron do máis requerido polos visitantes do mercadinho. Estes produtos están feitos a base de cultivos ecolóxicos rea-



O café e os derivados do cacao foron do máis vendido

lizados en condicións laborais dignas. Os beneficios repártense ao 50% entre produtores e distribuidores, sen intermedia-

rios. A maiores, nos corredores do centro educativo están expostos uns carteis cunha visión crítica da globalización.

O centro social realizou diversas actividades especiais para o Nadal

O mes de decembro acolleu un campionato de tute, bailes e entrega de cestas de nadal.

Redacción
Melide

As actividades anuais do centro social inclúen clases de baile de salón, canto, talleres de relaxación e informática para a terceira idade. Ademais, este mes de decembro organizáronse varias actividades co gallo das festas de Nadal.

Desde esta institución organizouse unha recollida de xoguetes para distribuír entre nenos de familias con poucos recursos o día de Reis. A finais de novembro tiveron lugar

unha serie de charlas de sensibilización a prol da emigración.

No tocante ás actividades específicas do Nadal, celebrouse un sorteo de cestas entre todos os socios, e o día 25 un baile, como todos os domingos e festivos.

E en canto ao campo máis lúdico, o campionato de tute do mes de decembro foi gañado pola parella de Fernando Casal e José Negro, quedando segundos Antonio Castro e Carmen Rodríguez.

Antonio Hermida Rodríguez, *In memoriam*

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

O día 3 de decembro de 2005 faleceu en Melide Antonio Hermida Rodríguez, “Toni Sotelo”, melidá de pro, investigador e avogado. Naceu o 5 de maio do ano 1940 en Melide, no seo dunha familia moi antiga, a de Sotelo.

Era fillo de dona Gloria Rodríguez R., natural de Melide e de don José Hermida Piñeiro, natural de Marín e un gran mestre e gran persoa, que chegou a Melide no ano 1928,

relato por libre, facendo o preuniversitario e licenciándose en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 1964.

Gran lector de todos os temas, sobre todo de Dereito e Historia, ten varios traballos publicados no boletín do “Centro de Estudos Melidenses” e outros inéditos, como o de “Galicia, voto en cortes”. Era unha das persoas con máis coñecemento da historia da Terra de Melide.



Toni Sotelo, segundo pola dereita. Ano 1983

xunto cos tamén grandes mestres don Amós Illana G. (Mazuecos, Guadalajara) e don José Reinoso Carreira (Santiago), ambos os dous casados coas irmás Mercedes e Remedios Gómez Pardo, da casa Bastián de Melide. Tivo un irmán, Rodrigo, estudante de medicina falecido nun trágico accidente de tráfico nos anos cincuenta.

Estudou na escola pública de Melide e fixo o bacha-

Ultimamente tiña recolleitos varios datos sobre a comarca do catastro do Marqués da Ensenada (Arquivo Histórico de Galiza- A Coruña), do que estaba engaiolado.

Era tamén familiar de Víctor Rodríguez, galeguista e colaborador do libro “Terra de Melide” (Seminario de Estudos Galegos. Santiago, 1933). Home modesto, afable boa persoa e avogado honesto. Toni Sotelo, sempre estarás connosco.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)

Efemérides Melidás

Asamblea de Prelados e Cabaleiros do Reino de Galiza o 4 de decembro de 1520

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

O 4 de decembro do 2005 foi o 485 aniversario da xuntanza en Melide dos Prelados e Cabaleiros de Galiza, reivindicando do Rei Carlos V a devolución do voto en Cortes para o noso país.

Non se sabe a data exacta na que Galiza eixou de ser chamada a Cortes, nin tampouco por que Zamora tiña o privilexio de falar por ela. Hai varias opinións dos historiadores.

Uns sosteñen que Galiza se resistira no 1464 a pagar os repartimentos outorgados polas cortes de Castela. Outros explican a intromisión de Zamora por ser lindeira e querer cobrar en nome de Castela os trabucos da Coroa.

Outra hipótese é que os galegos se declararon partidarios de dona Xoana “La Beltraneja”, na guerra sostida contra Isabel de Castela por Afonso V de

Portugal e os seus aliados, o marqués de Villena e o Arcebispo de Toledo. Isto sería a causa de que os Reis Católicos, vencedores desta loita castigasen tamén a Galiza deixándoa sen representación en cortes, que pasou a Zamora.

Seguiremos con este tema en próximos números do *Cerne*, xa que é moi extenso. Un tema no que estivo a esculcar tamén Antonio Hermida Rodríguez.

Clásicos do humor



Viñeta de Torres.

Publicado en “El Pueblo Gallego” de Vigo en 1936
Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez (Casa da Pita-Melide)

Calidade de vida. Dereito e privilexio

Carlos Pereiro Veiga

As palabras que veñen saíron das bocas de leais obreiros que por medo ás represalias dos seus xefes, e tentando desafogar un pouco, protagonizaron calquera conversa de sobremesa. Os seus destinatarios son aqueles que aínda pensan que a xornada laboral é de sesenta horas, no lugar de 35; que as únicas xornadas de descanso son os días do San Roque; que o salario mínimo é de 50.000 ptas e que os fillos son posesións do estilo dun local ou dun solar ao que convén sacarlle un rendemento futuro. Esta é a atmosfera laboral que nos impregna e que converte o nosa economía nun sistema cos días contados.

Por máis que se venda Melide como parte de Europa, marcada polo paso do camiño de Santiago, cerne de Galicia no que ata as nosas pulperías se inclúen nas guías do camiñante,

poucos son os privilexiados que traballan diariamente naquela actividade que os realice como seres humanos ou individuos dunha sociedade. Se cadra sería mellor ter un pouco de compaixón e condescendencia cos activos máis importantes das empresas (traballadores, obreiros ou tecnicamente capital humano), xa que eles son, á fin e ao cabo, os que a fan grande.

A actividade económica é circular e interdependente, e cada vez máis desequilibrada para aquelas persoas que non poden entregar currículos de varias follas cheas de cursos dados, en moitos casos, por xente que non coñece de primeira man a realidade laboral do lugar onde esa persoa gustaría de traballar e formar parte da comunidade. Se os obreiros e empregados da Terra de Melide non están minimamente satisfeitos marcharán a outros lugares

onde verán recompensada a súa lealdade.

Se isto pasa, con eles marcha o salario, desvincúlase os seus fillos do lugar onde naceron e paulatinamente perderanse veciños ata que o núcleo non sexa máis ca unha vila pantofoa chea de casas deshabitadas a prezo de ouro e miradas que asexan entre as portas e as ventás con comentarios morbosos que conspiran dende a barra de calquera bar.

Aquela persoa que, diante ou detrás dun mostrador participa de boa fe neste tecido económico contribúe a mellorar a calidade de vida de todos cantos vivimos nesta comarca. É tempo de cambiar a mentalidade de que o traballador se move segundo a presión que se exerza sobre el. Con isto e cun pouco de seriedade económica moitos negocios perdurarían case indefinidamente.

Un documento histórico

David Barrio. Sindicalista da UXT

Pola súa importancia, decidín poñer a disposición dos lectores do *Cerne* o texto pronunciado de apertura da sede comarcal de Melide do noso sindicato. Naquel momento, a nosa sede estaba na rúa Martagona (agora estamos en Roque Salgado, número 15) e contabamos con 90 afiliados na comarca Melide-Arzúa (Santiso, Toques, Sobrado, Vilasantar, Boimorto, Melide e Arzúa). O discurso, a cargo do daquela secretario da UXT-Compostela, José Luís Crespo, foi seguido por 100 traballadores da nosa comarca o día 24 de abril de 1992:

“Compañeiros e compañeiras, é un motivo de satisfacción atoparme aquí por varias razóns:

En primeiro lugar, porque coa posta en funcionamento desta delegación non só potenciamos a presenza da UXT na zona senón que ademais poñemos a disposición dos traballadores un servizo de información e de defensa dos seus intereses.

En segundo lugar, porque hoxe damos resposta ás inquedanzas que reiteradamente nos viñan comunicando os afiliados desta zona. E en terceiro lugar porque damos cumprimento a un dos obxectivos que a Comisión Executiva tiña deseñado para este ano.

Permitídemme que aproveite este acto para que faga algunhas referencias sobre cuestións de actualidade. Unha destas cuestións é a da crise industrial e agraria. Estamos a pasar por un momento de crise sen que se albisque a aparición de novas alternativas que que

absorban os postos de traballo que se perden. O modelo de desenvolvemento actual é demasiado débil e non proporciona un axeitado tecido industrial.

Por outra banda, o paro encuberto no sector agrario agrava en maior medida esta situación. Referíndome de modo concreto a esta zona podemos dicir que a renda familiar por habitante é o 64,25% da media da provincia e o 66,22% da media galega. A poboación ocupada na agricultura é demasiado elevada chegando á cota do 72,5% mentres os sectores da industria, construción e servizos alcanzan respectivamente cotas do 6,78%; 4,77% e 15,66%.

Como podemos ver tamén aquí está instalada a crise que estamos a denunciar os sindicatos. É preciso que se poñan en práctica medidas imaxinativas que permitan corrixir esta situación. A UXT-Compostela reivindica para a comarca:

-Medidas concretas a curto e medio prazo para facer fronte á crise.

-Dotación de infraestruturas básicas imprescindibles para o desenvolvemento económico da zona.

-Investimento aquí do propio aforro.

-Medidas de infraestrutura agraria e ordenación produtiva do sector.

-Medidas urxentes de carácter social (sanidade, ensino, vivenda, transportes), que melloren a calidade de vida dos cidadáns.”

Hoxe, a UXT conta con 500 afiliados na comarca e continúa a súa labor.

O Melide de onte



“Os Garceiras” de Melide. Ano 1971

Unha das mellores bandas de gaitas da historia de Galicia
Foto Nori. Arquivo persoal Mercedes Vázquez Rodríguez

**Teléfonos de
interese**

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
	Polideportivo
ORDE PÚBLICA	981507752
Policía Municipal	Centro Social da 3ª Idade
Urxencias.....092	981505706
Melide.....981505003	Parada de Taxis
Policía Nacional091	981505390
Garda Civil	Albergue Xuvenil
Urxencias.....062	981507412
Melide.....981505007	Albergue do Peregrino
S.O.S	660396822
S.O.S Galicia.....112	Centro Ocupacional
Protec.Civil.....670498848	981505003
	A.S.E.T.E.M
TRANSPORTES	981506188
Renfe	Fundación Terra de Melide
Nacional.....902240202	981507244
A Coruña	I.E.S. de Melide
Santiago	981505162
Autobuses	C.E.I.P nº1.....981505238
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº2.....981505929
Santiago.....981542416	Gardería.....981505003
Melide.....981505204	U.A.F. de Melide
Aeroportos	981 507742
A Coruña.....981187200	
Santiago.....981547500	SANTISO
Vigo.....986268200	Casa do Concello
	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	Centro de Saúde
Atención ao cidadán	Agrochao.....981517803
981120012	Visantoña.....981510749
Valedor do pobo	Xulgado de Paz
981571900	981 818501
Economía facenda	
981545151	SOBRADO
Industria e Comercio	Casa do Concello
981544341	981787508
Sevizo Galego Colocación	Desenvolvemento local
981125000	981787508
Teléfono da Muller	Centro de Saúde
900400273	981787744
Teléfono do Menor	Mosteiro de Sobrado
900444222	981787509
Dirección Xeral de Tráfico	Xulgado de Paz
900125505	981787508
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	TOQUES
Electricidade.....981147200	Casa do Concello
Gas.....900760760	981505826
	Centro de Saúde
MELIDE	981507301
Casa do Concello	Xulgado de Paz
981505003	981505826
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á	Domingos e festivos:
Cafetería Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á	Parada fronte ao antigo
Cafetería Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15
De luns a venres:	e 11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres lab-
OURENSE - MELIDE	orables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
<i>Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.</i>	

XANEIRO
Días 3-4: Recollida de cartas aos Reis
Día 5: Cabalgata dos Reis Magos en Melide. Saída ás 16.00 do Cantón de San Roque. Percorrido ata a igrexa parroquial
Cabalgata de Reis en Sobrado dos Monxes e Santiso.
Día 9: Curso de manipulador de alimentos nos locais de Asetem.
(A peche de edición, o Concello de Melide non dispuña das datas definitivas para os actos do mes de xaneiro. Poden consultarlos en www.melide.org a partir do día 3)

José Valiño e Marisol Pumar son os donos de Muxica, unha tenda de música, artesanía, roupa e complementos de estilo xuvenil

“Teríamos que apostar por un comercio de calidade, con zonas peonais e aparcamentos”

Marisol Pumar e José Valiño tiveron a súa primeira tenda nun primeiro piso. A pesar de que este curioso emprazamento non agoiraba moi boas vibracións de cara ao futuro do seu negocio, Muxica saíu adiante, xa que se trataba dunha idea orixinal en Melide.

Agora teñen dúas tendas na rúa San Pedro e están a pensar a mudarse para unha maior e mellor situada. Jose aténdenos con amabilidade, e pouco despois chega Marisol. No fío musical sona Khaled; ao dono non lle gusta a música dos 40 Principales.

Denís Fernández Méndez
Melide

Cando abristes a vosa primeira tenda?

Hai seis anos que se fundou Muxica. A idea era montar unha tenda de discos pero a sabendas de que nun ámbito tan pequeno necesitabamos vender algo máis.

Tedes dous locais...

-Si, agora estamos ubicados en dúas tendas, pero a idea é moverse para un único sitio, na rúa dos comercios, onde estaba antes "O Veciño". Agora temos Muxica, con música, agasallos e artesanía e esta (na mesma rúa, un pouco máis arriba) facémola máis para roupa e complementos.

Tiñas pensado adicarte ao comercio ou foi algo que xurdiu por casualidade?

Non, foi algo que xurdiu un pouco polo atractivo que ten para min a música. Eu estiven traballando até agora de carpinteiro e a miña muller era perruqueira.

Que música se vende na vosa tenda? Supoño que non só a que che gusta a ti...

Pensamos en vender o máis varado posible, non só o que estivese nun momento determinado de moda. Hoxe en día, a

música que máis me gusta é a de fusión, a que parte da música de raíz para logo facer variacións modernas. O jazz tamén. Non lle fago ascós a nada, menos ao "bacalao" e ao



Os donos de Muxica aproveitan para felicitarlles o ano aos seus clientes

pop comercial, que por outra parte é o que toca vender.

Con que produtos traballades, ademais da música?

Artesanía, regalos orixinais, regalos xuvenís. Xa empezamos con iso porquise non sabía que ía morrer

no intento. **Estades orientados a un público mozo?**

Si, pero ao final temos desde un público infantil ata aquel que pode ter setenta anos pero conserva unha mentalidade xuvenil. **As camisolas de deseñadores galegos están sendo**

o artigo de moda. Que tal se venden?

Vendemos as de Caramuxo e Choco. Saíron hai pouco e mércannos algo pero de momento non moito.

Sodes a única tenda dese estilo en Melide?

Desde logo de discos si. Non só de Melide senón das poucas que van quedando en toda Galicia. Había en Betanzos e en Lalín pero non queda ningunha. En canto a artesanía e agasallos non somos os únicos. Quería destacar que nós apostamos pola artesanía galega aínda que non se venda moito. O 90% da que temos faise aquí.

Quizais un problema sexa que os vossos clientes prefiran mercar en Santiago, ou na Coruña?

Ben, igual que os de aquí poden comprar en Santiago; tamén ven xente da comarca; de Arzúa, ou mesmo de Santiago. De todas formas eu tampouco atopei moitas tendas deste estilo nas cidades.

Como está a situación do comercio en Melide?

Bastante mal (comenta Marisol, que acaba de chegar). Cunha grande potencialidade pero bastante deixada (de novo Jose).

Tanto por asuntos internos, como a falta de unidade que hai, como externos. Necesitamos máis infraestruturas para que o comercio se poida desenvolver a medio prazo, sen temerlles ás grandes superficies; que se poden chegar a instalar aquí, igual que se instalaron en Lalín.

Unha infraestrutura básica que ás veces non se atende é o aparcamento. Parece que a vila ten aparcamentos pero se algún día se instalase nas aforas un centro comercial ía ser ese un dos argumentos para competir. Habería que habilitar unha zona comercial, con párquings soterrados, zonas para peóns... O obxectivo sería ter un comercio de calidade.

Nótase o Nadal nas vendas?

Si, é a campaña máis importante do ano, xunto co verán. Se non fose polo Nadal poderíamos pechar

Con todo, o nivel é a baixa, tamén nas campañas. Non sabemos se é pola competencia ou é que as cousas non están ben (fala de novo Marisol).

Hai algún produto novo que queirades promover, aproveitando o Nadal?

Home, sempre estamos ofrecendo cousas novas. Iso implica visitar feiras, buscar sempre algo novedoso. Non podemos esperar ao que nos veñen ofrecer na porta.

“Nun futuro instalaranse grandes superficies, como en Lalín”

“O noso público pode ter setenta anos pero mente xuvenil”



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M.). Nº 9. 15 de agosto - 15 de outubro de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

centro comercial
ares FERRETERÍAS

Ronda da Coruña, 33 - 15800 Melide (A Coruña)
Tlfno: 981505053
centrocomercialares@comerciodegalicia.com

**Un reto
hacia el
futuro.**

Gracias por vuestra confianza.

Calefacción.

El calor de su Hogar
Todos los sistemas para solucionar la calefacción Individual

**CANTERAS DEL ARENAL
CANTERAS DE RICHINOL**

ARIDOS Y EXCAVACIONES

ARE

[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]